

## Libros

**Ignacio Álvarez-Ossorio e Isaías Barreñada (coordinadores),**  
**“España y la cuestión palestina”, Los Libros de la Catarata, 2003.**

A cuestión palestina, definida histórica e politicamente, segue a ser un dos agudos temas de controversia a nivel académico e intelectual. A actualidade do conflito así o indica. Con Iraq convulsionado, a oportunidade para a paz entre palestinos e israelís, particularmente o ‘Acordo de Oslo’ e a chamada ‘Folla de Rota’, viuse entorpecida recentemente, mentres intelectuais e políticos de ambos pobos, alleos ós seus respectivos gobernos, buscan un novo marco de pacificación en Xenebra.

O líder palestino Yasser Arafat e o primeiro ministro israelí Ariel Sharon seguen enfascados nunha particular loita persoal que afecta seriamente á seguridade mundial e ó futuro dos seus pobos. O caso de Arafat é simbólico: practicamente secuestrado na súa sede de goberno, segue a manter ferreamente o control sobre a Autoridade Palestina. Ó mesmo tempo, o indicador europeo ‘Eurobarómetro’ vén de publicar un polémico informe no que sinala que o 59% dos europeos consideran a Israel como a principal ameaza á seguridade mundial, criticando severamente o tratamento do goberno de Sharon ó pobo palestino.

Os ecos deste conflito non lle son alleos a España. Falar de Palestina neste país significa atoparse con diversos niveles de análises e diferentes perspectivas políticas do conflito, visións que sufriron transformacións a nivel institucional, académico e de opinión pública, a través de distintas épocas. Máis de medio século de relación entre España e Palestina é o obxectivo do libro “*España y la cuestión palestina*”, texto coordinado polo arabista Ignacio Álvarez-Ossorio e o político Isaiás Barreñada, editado por *Los Libros de la Catarata* co apoio do Ministerio de Relacións Exteriores. O libro conta con importantes firmas coñecedoras da problemática palestina e de Oriente Medio, tales como José Abu-Tarbush e María Dolores Álgora, así coma diplomáticos destacados naquela rexión, tales como Bernardino León e Miguel Ángel Moratinos, ex enviado da Unión Europea para o proceso de paz en Oriente Medio.

Probablemente, este libro sexa pioneiro en canto á recolección de textos, análises, percepcións e informacións sobre a cuestión palestina en España. Amosa un definido e completo carácter de análise histórica desta problemática, particularmente dende a fundación do Estado de Israel ata a ‘segunda Intifada’, traballo que vén excelentemente completado cunha recolección bibliográfica, e máis a través dos medios de comunicación, sobre a problemática ‘palestino-israelí’. Do mesmo xeito, a cooperación española no nivel gobernamental e de ‘ONGs’, e maila realidade da comunidade palestina en España son amplamente traballados e reflicten un interese institucional e da

sociedade civil para contribuír á solución do conflito e ó achegamento entre israelís e palestinos e entre estes con España e Europa.

Entrando na análise histórica, chaman a atención as diversas percepcións que sobre Palestina e Israel se fixeron tanto no nivel governamental como no da opinión pública española dende a dictadura franquista ata a década dos oitenta. O traballo da historiadora María Dolores Ágora sobre a cuestión palestina en tempos de Franco é unha mostra do enorme carácter ideolóxico e mesmo relixioso que o réxime franquista lle imprimiu ó asunto, especialmente rubricados no receo franquista no que respecta a Israel (con algúns matices antisemitas) e a simpatía cara o mundo árabe, que influíron na decisión franquista de non establecer relacións diplomáticas con Tel Aviv.

Radicalmente distinta foi a situación nos primeiros anos da transición española, e particularmente, coa chegada do PSOE ó poder en 1982. A arabista Loles Oliván e os diplomáticos Miguel Ángel Moratinos e Bernardino León analizan a dinámica das relacións entre os 'pro-sionistas' e os 'pro-palestinos' no nivel político e governamental, que variaron substantivamente a política de Estado herdada do franquismo. España subscribiu a 'Declaración europea de Venecia' de 1980 que enxergaba a creación dun Estado palestino. O goberno de Felipe González propiciou un achegamento a Israel e unha maior intervención de España, mesmo a través da Comunidade Europea, no conflito de Oriente Medio. Estes esforzos tiveron como principal colofón a 'Conferencia de Paz de Madrid' de novembro de 1991, chave para entende-lo proceso de negociación e pacificación que levou ós 'Acordos de Oslo' de 1993. Xa para esta época, organismos governamentais e 'ONGs' españolas estaban inmersos no proceso de cooperación rexional en Palestina, tal e como sinalan Mar Carlavilla e Isaías Barreñada.

A escasa contribución bibliográfica española á cuestión palestina é tema de análise para o profesor Agustín Velloso, a tal punto que o autor a enumera en a penas 35 obras, principalmente baseadas en experiencias xornalísticas e de viaxeiros españois a Palestina, así coma estudos históricos globais sobre a materia. O arabista Ignacio Álvarez-Ossorio lévanos a un amplo repaso sobre a cuestión palestina na prensa española e sobre como os estereotipos teñen xogado un papel moi importante na configuración dun imaxinario español cara ese pobo e o conflito. Finalmente, o politólogo José Abu-Tarbush achéganos unha visión interior da diáspora palestina en España, principalmente no seu lugar de orixe, as illas Canarias, para explicarnos o seu desenvolvemento social, económico e académico.

Non por casualidade, España é o sexto país que outorga axuda e doazóns á Autoridade Palestina, o que evidencia un marcado compromiso e interese institucional e académico por contribuír á pacificación e ó desenvolvemento integral da rexión. "*España y la cuestión palestina*" é un libro que contribúe a reflectir este achegamento... e a superar certos complexos.

*Roberto Mansilla Blanco.*

**"La Globalización desde el Sur. Estrategias para el siglo XXI",  
Instituto del Tercer Mundo, Icaria Editorial, 2001.**

**P**ensar globalmente, actuar localmente". En tempos de globalización, este ten sido o lema máis comentado e aceptado dende a perspectiva dos países desenvolvidos cara ó mundo en desenvolvemento. Lema que, dende o traballo realizado pola organización non governamental *Red del Tercer Mundo*, transfórmasse radicalmente cara a unha maior participación da sociedade civil na toma de decisións dos problemas globais.

Martin Khor, director de *Red del Tercer Mundo* (*Third World Network*, Montevideo), é un dos artífices de varios destes cambios. Considerado por publicacións de prestixio (*Financial Times*, *International Herald Tribune*) como "a cara cortés da anti-globalización", este economista graduado en Cambridge, catedrático na Universidade de Ciencias da súa Malaisia natal, ex-vicepresidente do Grupo de Expertos en Dereito ó Desenvolvemento da Comisión de Dereitos Humanos da ONU, é un firme activista da sociedade civil globalizada, a tal punto que é membro do *International Forum on Globalization* e do *South Centre*.

Profesionalmente, o seu labor ten sido fructífero no que toca á formulación de políticas comerciais igualitarias, ó estudio das relacións comerciais e financeiras dun mundo globalizado, e na creación de conciencia sobre a necesidade de formular políticas cara ó proceso da globalización dende unha perspectiva do 'Terceiro Mundo'. Esa preocupación vese plasmada no seu libro "*La globalización desde el Sur. Estrategias para el siglo XXI*", editado polo *Instituto del Tercer Mundo* e a editorial Icaria.

A pesar da brevidade da obra, que a penas supera as 100 páxinas, Khor realiza un repaso exhaustivo da actual economía mundial, enfatizando preferentemente nos piares financeiro, comercial e de investimentos. Desprovisto de calquera interese ideolóxico, o seu estudio é unha aguda crítica á globalización pensada dende os países desenvolvidos, e establece unhas prioridades e pautas de decisión para os países en desenvolvemento. A vella disputa 'Norte-Sur', esta vez reflexionada dende a perspectiva dunha globalización que se ben se amosa coma unha realidade inevitable, non deixa de ser un arma de dobre fío para o 'Terceiro Mundo'.

A principal preocupación que Khor argumenta é a desigualdade no desenvolvemento e o comercio 'Norte-Sur'. O autor critica o excesivo poder que os organismos financeiros multilaterais e os investimentos especulativos teñen no devir da economía globalizada. Neste escenario, o 'Sur' ten debilidades notorias, como é a súa excesiva dependencia dos créditos e axudas destes organismos, que acrecentan o secular problema do endebemento. Mentres o 'Norte' avanza cara a unha globalización dictada dende os sectores privados e financeiros, o 'Sur' debe implantar unha nova estratexia de negociación para facerse sentir nos foros mundiais.

A necesidade de coordinar estratexias 'Sur-Sur' pasa por definir cales serían as vantaxes da globalización para os países desenvolvidos ou se convén adoptar posturas máis prudentes. Tomando nota dun informe da UNCTAD (Conferencia das Nacións

Unidas sobre Comercio e Desenvolvemento) de 1996, o autor identifica certos perigos en canto á globalización e á liberalización dos mercados, como a perda de autonomía política para os gobernos, a apertura financeira e o risco de inestabilidade e marxina-ción daqueles países que, por causas estruturais, non poden afronta-lo reto dun mundo globalizado. Pero non por iso desestima que o mesmo proceso globalizador pode signifi-car unha oportunidade histórica para que o mundo en desenvolvemento poida supera-las súas debilidades crónicas.

Unha reflexión final de Khor: en todo este proceso de cambio nas pautas de rela-ción comercial 'Norte-Sur', o papel da ONU sería máis vital e importante ca nunca. Dita afirmación serviría como punto de inflexión para o principal organismo interna-cional que, dende a 'guerra de Kosova' en 1999, e especialmente coa deste ano en Iraq, sufriu un forte golpe no seu prestixio e operatividade. En canto á situación actual do comercio internacional, o escenario presentado por Khor no seu libro non está lonxe da realidade, a tenor do visto no 'Cumio Mundial do Comercio' en Cancún, México, e o aliñamento do chamado 'Grupo dos 22', que agrupa a países en desenvolvemento como Brasil, México, Arxentina, India e Malaisia. Este podería se-lo comezo da cooperación 'Sur-Sur' que tanto pide Martín Khor no seu libro.

*Roberto Mansilla Blanco.*

**Joseph S. Nye Jr., "La paradoja del poder norteamericano", Taurus, Madrid, 2002, 303 páxinas.**

**L**a *paradoja del poder norteamericano* de J. Nye é un manual de referencia para estudiosos das relacións internacionais, da política ou interesados en xeral en coñecer a posición dunha das personalidades máis relevantes do pensamento norteamericano contemporáneo. De fácil lectura, a obra é unha boa intro-ducción a termos que aparecen na axenda política internacional actual. Nye, politicólogo, estudioso das relacións internacionais, profesor e decano da Escola de Goberno J.F. Kennedy, da Universidade de Harvard, número dous do Pentágono durante a Administra-ción Clinton nos anos 1994 e 1995, desenmaraña no seu libro os lazos internacionais, ofré-cenos claves para comprender a perspectiva dos que defenden o liderado dos EEUU no proceso da globalización. Autor de numerosas obras, recentemente ten publicado *Gober-nancia nun mundo globalizante* e *Entendendo os conflitos internacionais*.

*La paradoja del poder norteamericano*, publícase na súa edición norteamerica-na, en 2002 nun contexto internacional caracterizado polo aumento dos conflitos bé-licos: Palestina, Afganistán, Iraq. A política unilateral dos EEUU, con continuos des-acatos á autoridade da ONU, vai centrar en parte esta obra. A dialéctica suave nas respostas á actual política norteamericana de George Bush é o fío conductor do libro. Estructurada dun xeito clásico, comeza cun Prefacio no que se reflexiona entorno aos

ataques do 11 de setembro e, continúa con cinco capítulos máis. No capítulo I, "O Coloso Estadounidense", Nye, enumera as características dos EEUU dende unha perspectiva comparativa; nos capítulos II e III respectivamente, céntrase na 'Revolución da Información' e nas diversas dimensións implicadas na globalización; o 'Estado da Nación' e a pertinencia dunha "Redefinición" do interese nacional son os dous bloques temáticos cos que pecha o libro.

A tese de Nye é unha aposta polo poder brando para desenvolver os intereses nacionais e globais dos Estados Unidos. Un modelo no que se combinen eficazmente as potencialidades militares e económicas coa credibilidade que outorga o poder brando, a partires de elementos culturais, tecnolóxicos e informativos. Estados Unidos eríxese, para o autor, coma un dos tres imperios máis importantes da Historia xunto con Roma e Gran Bretaña. A definición de globalización como conxunto de redes mundiais de interdependencia foxe continuamente das críticas dos que observan a implantación dun único modelo de sociedade baseada no consumo e na información. Nye enraíza co tema do poder, unha das grandes preguntas que abranguen todo o pensamento humano e, en especial, o occidental de tradición greco-romana, nun dos momentos máis tensos internacionalmente dende hai tres décadas. Co termo de 'poder brando' (*soft power*) o autor busca para os Estados Unidos unha autoafirmación como pobo, unha alianza positiva co lector, a quen non lle deixará de sorprenden a asunción de terminoloxía posmoderna. O manexo de definicións propias: poder brando, interdependencia, globalización e hexemonía, fan desta obra unha interesante recapitulación da teoría da interdependencia elaborada por Nye a finais dos oitenta e comezos dos noventa.

Con *La paradoja del poder norteamericano*, Nye achégase aos lectores europeos cun chisco cómplice ao apostar por mover as fichas dun xeito multilateral, afondando nas responsabilidades dos organismos internacionais e no cumprimento das resolucións. Sen embargo, en ningún momento, o autor, patriota demócrata, cuestiona os modelos socio-económicos das nosas sociedades contemporáneas, senón que aposta por unha alianza internacional baixo a tutela dos Estados Unidos.

*Iria Alonso Casares.*

**Jorge Lanata, "Argentinos", Ediciones B, Buenos Aires, 2003.**

**P**oucos prólogos insinuán o contido dunha obra tan ben coma o fai o deste libro: "Apáticos o apasionados: los argentinos somos, básicamente, exagerados. La realidad no nos alcanza; preferimos la imaginación que resulta, claro, el mejor método de fuga. Es siempre difícil saber dónde estamos, porque es aún más arduo saber si estuvimos alguna vez. El argentino siempre está –parafraseando a Ortega– por delante de sí mismo: somos promesa en estado latente, nunca acto". Un texto que comeza e termina ó mesmo tempo con frases de tal calibre non pode preten-

der menos que retratar o espírito de todos e cada un dos arxentinos. E Jorge Lanata, sen chegar a ser presuntuoso, lógrao. Sen sentimentalismos nin favoritismos, cos pros e os contras, simplemente retratando unha sociedade ó longo dos anos.

"*Argentinos*" aparece en Galicia en decembro de 2003 nun único tomo. Pero ó outro lado do Atlántico saíu ás rúas en dúas entregas: unha editada a finais de 2001, xusto antes do estoupido da crise, e outra hai tan só uns meses. Entrambas, en Arxentina xa engaiolou ás máis de 250.000 persoas que compraron o libro, todo un fenómeno editorial ó que aínda non deron empurrado do número un de ventas. Mesmo se teñen realizado adaptacións recomendadas da obra para o ensino medio.

Lanata (Mar del Plata, 1960), un neno prodixio do xornalismo arxentino, volve figurar nas portadas dos medios de comunicación que tantas veces encheu coas súas investigacións. Director/fundador, con tan só 27 anos, do xornal *Página /12*, o máis independente do panorama porteño, Lanata ten recibido todo tipo de premios pola súa fecunda carreira como periodista. Con "*Argentinos*" confirma tamén as sospeitas que había sobre el como bo escritor.

O libro repasa, en máis de mil páxinas, cincocentos anos da historia dun país marcado pola corrupción, a violencia e o negocio sinxelo dende o mesmo día en que se descubriu o Río de la Plata. Os centos de nomes que conteñen os seus breves capítulos poden levar ó lector non arxentino a perderse intentando descifrar o seu significado. Pero non importa que un non saiba de quen se está a falar: o lector medio arxentino, probablemente, tampouco o sabería. O que importa é a sensación que deixa a páxina tras acabar de lela; unha sensación de que as verbas sucédense con fluidez, como se estiveran de sempre xusto nese lugar e sen elas non se puidera entender a historia do país.

O último tercio da obra, pola súa proximidade no tempo, é o que máis pode chegar a transmitir ó lector galego. Os acontecementos precipítanse no libro como se precipitaron na historia arxentina, pasando coma un todo, sen solución de continuidade, da aparición de Perón na escena política ata a crise de 2001, pasando polos golpes de Estado, a represión, as Malvinas, a volta á democracia e o desencanto coa clase dirixente. E sen esquecerse das interferencias "*gallegas*" a través das empresas e dos gobernos españois, sempre tan mal recibidas por un país tan fachendoso de seu.

Lanata tivo tempo para incorporar entre os últimos capítulos a orixe da actual crise arxentina. A explicación que dá ós últimos estertores do Goberno de De la Rúa permiten ó lector comprender algo máis dende a distancia o porqué do "*Que se vayan todos*" e a esperanza depositada agora no presidente Kirchner.

Todas as pezas encaixan, todo ten o seu senso e á vez todo é un caos no libro máis importante aparecido en Arxentina na última década. Unha obra redonda, circular, que converte o seu 'Prólogo' en 'Epílogo' para volver a empezar outra vez, coma sempre, na Arxentina.

*David Reinero.*